

ÁLVARO VILA ARAÚJO, voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ao previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, aos artigos 91 e 97, entre outros, da Regulación de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o Regulamento desta corporación presenta unha **MOCIÓN PARA A CREACIÓN DO SISTEMA PROVINCIAL UNIFICADO DE EMERXENCIAS DA PROVINCIA DE OURENSE**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A provincia de Ourense leva anos arrastrando unha situación estruturalmente deficiente no ámbito das emerxencias, especialmente no relativo ao servizo de bombeiros. Durante máis de dúas décadas, este servizo funcionou baixo un modelo privatizado, caracterizado por condicións laborais precarias, falta de estabilidade e ausencia dunha planificación pública acaída. Esta realidade afectou non só ao persoal, senón tamén á calidade e á eficacia do servizo prestado á veciñanza. O paso cara un modelo público produciuse, en gran medida, como consecuencia de resolucións xudiciais que obrigaron á administración a recoñecer dereitos básicos ao persoal, o que deixou en evidencia a falta dunha planificación previa e dunha aposta decidida por un sistema de titularidade institucional forte e estruturado. A transición cara á nova configuración non foi, polo tanto, froito dunha decisión estratéxica orientada á mellora na prestación do servizo, senón unha resposta reactiva e tardía a obrigas xudicialmente impostas, o que condicionou desde o principio a solidez e a coherencia do aparato resultante.

Arestora, os parques de bombeiros da provincia –Verín, O Carballiño, Xinzo de Limia e Valdeorras– continúan afrontando déficits de base en materia de persoal, organización e planificación, o cal repercute directamente na capacidade de resposta fronte a emerxencias. As reivindicacións do persoal evidencian carencias de fondo: falta de efectivos suficientes, recurso sistemático ás horas extraordinarias, dificultades na aplicación do convenio colectivo e ausencia dunha planificación real a medio e longo prazo. Estas eivas reflíctense no propio orzamento do Consorcio de Bombeiros para o exercicio 2026: cun monto de 6.480.000 euros, arredor do 80% destínase a persoal, cun elevado volume de horas extraordinarias, mentres que os investimentos en medios materiais, infraestruturas e equipamentos resultan claramente limitados. Ademais, o elevado gasto en estudos e traballos técnicos da conta dunha excesiva externalización fronte á necesidade de reforzar a capacidade interna do servizo. En conxunto, estamos ante un sistema que garante o funcionamento, pero non a súa mellora nin modernización.

Doutra banda, o sistema de emerxencias na provincia continúa fragmentado, ao coexistir os parques de bombeiros do Consorcio cos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), que dependen dos concellos. Os GES xurdiron como resposta

Grupo Provincial Socialista

socialistaourense@gmail.com

Rúa do Progreso, 32 2º Andar. 32003 Ourense / Teléfono 988 31 79 80 / CIF G32244345

@PSOEOurense

a unha necesidade real, pero foron derivando cara a un papel funcionalmente ambiguo: realizan funcións propias de bombeiros sen contar co marco organizativo e laboral que tal actividade require, situando ao persoal e ás administracións locais nunha situación de indefinición que non pode prolongarse. Esta situación xera problemas de coordinación, duplicidades e ineficiencias, ao tempo que os entes locais continúan a soportar unha importante carga administrativa e funcional na xestión dun servizo que, pola súa natureza, é claramente supramunicipal. Os GES atópanse, ademais, nun cadro de ambigüidade organizativa e normativa derivada de convenios pouco definidos, do que se derivan agravios comparativos e desigualdade entre territorios. Esta realidade supón, en moitos casos, o exercicio dunha competencia impropia por parte dos concellos, xerando inseguridade xurídica tanto para o persoal como para as propias administracións locais, con particular intensidade en tarefas de intervención directa.

Cómpre tamén poñer en valor o labor fundamental que desenvolven as agrupacións de voluntariado de Protección Civil, que realizan un traballo esencial de xeito desinteresado, sobre todo no que atinxe á prevención, apoio e colaboración nas emerxencias. O seu papel resulta especialmente relevante nun territorio como o de Ourense, marcado pola dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación e unha elevada exposición ao risco de incendios forestais. Coa vulnerabilidade que arrastra a provincia por mor dos lumes, resulta ineludible contar cun sistema que permita actuar de maneira coordinada tanto na prevención como na extinción. A experiencia dos últimos anos demostra que a falta de planificación e coordinación incrementa o risco e as consecuencias dos incendios, de xeito especial cando afectan a vivendas e núcleos de poboación. A magnitude das vagas de lumes rexistradas na nosa provincia, así como a súa tendencia a repetirse e mesmo a agravarse, fan desta cuestión un imperativo de seguridade pública que non admite máis demoras.

Resulta imprescindible avanzar cara a un modelo operativo baseado nun mando único, artellado de maneira integral e sustentado nunha planificación clara e anticipada, que permita optimizar os recursos e garantir unha resposta eficaz en todo o territorio. Trátase de construír un plan integral das emerxencias na provincia que supere a fragmentación actual e dote ao conxunto da coherencia, a eficiencia e a cobertura territorial que hoxe non ten. Esta reorganización debe compatibilizar a funcionalidade do sistema coa proximidade ao territorio, mediante a colaboración cos concellos. O obxectivo non é centralizar por centralizar, senón garantir que cada recurso dispoñible estea correctamente integrado, coordinado e orientado cara á protección efectiva da cidadanía. Estamos, en definitiva, ante un servizo público esencial, do que depende directamente a vida e a seguridade das persoas. A Deputación de Ourense ten a responsabilidade e a capacidade de liderar este proceso, e non debe seguir adiando as decisións que o noso territorio e a nosa cidadanía requiren.

Grupo Provincial Socialista

socialistaourense@gmail.com

Rúa do Progreso, 32 2º Andar. 32003 Ourense / Teléfono 988 31 79 80 / CIF G32244345

@PSOEOurense

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:

PRIMEIRA.- Elaborar un Plan Integral de Emerxencias da provincia de Ourense que estableza un modelo operativo baseado nun mando único de coordinación, que abrangan todos os servizos de emerxencias e que garanta a actuación conxunta tanto na prevención como na extinción de incendios, que incorpore mecanismos de planificación anticipada dos riscos e que teña como obxectivo central a protección efectiva das vivendas e dos núcleos de poboación de toda a provincia.

SEGUNDA.- Adoptar as medidas necesarias para garantir a cobertura inmediata das vacantes existentes, a creación de prazas estruturais en número suficiente para atender as necesidades operativas e o reforzo dos efectivos nos períodos de maior risco.

TERCEIRA.- Garantir o cumprimento efectivo do Convenio Colectivo, acometendo a súa revisión e adaptación ás condicións reais do traballo, impulsando un diálogo franco e continuado co persoal e asegurando a seguridade xurídica e laboral nas funcións de intervención.

CUARTA.- Instar á Deputación de Ourense e á Xunta de Galicia á integración plena dos GES no Consorcio Provincial de Bombeiros, co obxectivo de poñer fin aos agravios comparativos existentes e garantir un cadro organizativo e laboral homoxéneo, actualizado e claro para todo o persoal.

QUINTA.- Velar por que este proceso se realice en colaboración cos concellos, de xeito que se manteña a presenza territorial do servizo e se permita, de común acordo, ben a continuidade nas actuais sedes municipais, ben a súa reorganización en parques comarcais, segundo as necesidades de cada territorio.

SEXTA.- Tomar as medidas acaídas para reducir a carga administrativa e funcional dos concellos en materia de emerxencias, incrementar o investimento en medios materiais e infraestruturas, limitar a externalización de estudos e traballos técnicos a favor do reforzamento da capacidade interna do servizo, garantir a prevención de riscos laborais e impulsar a transparencia na xestión do Consorcio.

Grupo Provincial Socialista

socialistaourense@gmail.com

Rúa do Progreso, 32 2º Andar. 32003 Ourense / Teléfono 988 31 79 80 / CIF G32244345

@PSOEOurense

SÉTIMA.- Impulsar a integración funcional das agrupacións de voluntariado de Protección Civil no sistema provincial de emerxencias, dotándoas dos recursos necesarios e reforzando a súa coordinación, formación e medios para potenciar o seu papel no conxunto do servizo.

OITAVA.- Procurar a clarificación das funcións e responsabilidades do persoal do servizo, en particular no que atinxe á condución de vehículos de emerxencia, eliminando as situacións de indefinición xurídica que actualmente xeran inseguridade tanto para os traballadores como para as administracións implicadas.

En Ourense, a 14 de abril de 2026.



Asinado: **ÁLVARO VILA ARAÚJO**

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Grupo Provincial Socialista

socialistaourense@gmail.com

Rúa do Progreso, 32 2º Andar. 32003 Ourense / Teléfono 988 31 79 80 / CIF G32244345

@PSOEOurense